

# Miguel Sande

Naceu en Pastoriza, no Concello de Arteixo, no 1961. Comezou a escrita nos primeiros poemas e relatos que viron a luz nos atardeceres de Barrañán. Pero o primeiro libro publicado é *Á alba pide comigo vivir*, co que quedou finalista do Premio Nacional de Teatro Calderón de la Barca no ano 1984, convocado polo Instituto das Artes Escénicas, do Ministerio de Cultura. É o monólogo dunha moza universitaria unha noite do Apóstolo que no último curso da súa carreira universitaria decide abortar. Foi editado polos Servicios de Publicacións da Xunta, un libro que, según di o autor, contou co apoio de Ramón Piñeiro.

Anos despois, en 1998, publicou o segundo libro de teatro, *Ninguén chorou por nós*, tamén premiado, esta vez co Rafael Dieste, editado pola Deputación da Coruña, foi representado pola compañía Teatro Bruto (nunha adaptación libre). A estrea tivo lugar en setembro de 1999 no teatro Colón en Vigo.

No 2000 na Editorial Dixital na Universidade da Coruña publica *39 veces chao*. Outro monólogo a través dun teléfono móvil: sete chamadas, que fixan as escenas, a frecuencia desas chamadas marcará o ritmo da obra.

Como poeta ten publicados varios poemarios, dos que se poden salientar: *A palabra soterrada*, un libro escrito no deserto sahariano, entre Túnez e Alxeria e editado en Espiral Maior no ano 1985. Está a piques de se publicar agora outro: *«Furtivos»*. Publica en Laiowento no ano 1994 un libro de reflexións, de viaxes.

Gañou o I Premio Repsol de Narrativa Breve coa novela *Se algún día esta muller morta*, editada por Galaxia.

Habitualmente adícase ao xornalismo: é delegado de *La Voz de Galicia* na Mariña lucense e no Occidente de Asturias. Vive en Viveiro.

En 2016 gañou o Premio de Novela García Barros coa obra '*A candidata*'

# Entrevista a Miguel Sande

## **- Que significou para ti gañar o Premio de Narrativa Breve Repsol?**

Foi moi importante porque "Se algúñ día esta muller morta" (o título da novela premiada entón) era a miña primeira obra en narrativa. Unha proposta atrevida; tratei de desestruturar a novela, tal como se fai agora na alta cociña. Tivo moi boas críticas e abriume as portas da editorial Galaxia. Eu viña dos "barrios pobres" da poesía e do teatro e atoparme de súpeto co premio Repsol, supuxo unha acollida ideal de brazos abertos.

## **- Crees que a narrativa breve é un modo de chegar a máis lectores? -que é o más difícil desta tipoloxía de narrativa?**

Non necesariamente; axéitase, si, a este tempo de presa e velocidade, iso pode ser. Pero influén outros moitos factores. O más difícil? A intensidade. A narrativa breve pide intensidade en cada frase, en cada parágrafo. Cada palabra ten que ser a xusta, a acertada, dende o principio ata o final.

## **- En que proxecto estás a traballar agora?**

Estes días precisamente saíu publicada en Galaxia a última novela, "A candidata", coa que gañei o premio García Barros. Coma sempre, arriscando e tratando de aportar unha perspectiva propia, novedosa, a miña mirada, neste caso sobre a crise. 136 páxinas, unha novela breve, procurando a maior intensidade sempre. Que a lectura sexa unha experiencia.